

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027307	IES Isidro Parga Pondal	Carballo	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación física	1º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	22

1. Introducción

A Educación Física na etapa da educación secundaria obrigatoria dá continuidade ao traballo realizado na etapa anterior e aos retos clave que comezaron a abordarse nela, que pasan, entre outros, por conseguir que o alumnado consolide un estilo de vida activo, asente o coñecemento da propia corporalidade e o gozo das manifestacións culturais de carácter motriz, integre actitudes ecosocialmente responsables ou afiance o desenvolvemento de todos os procesos de toma de decisións que interveñen na resolución de situacións motrices. Estes elementos contribúen a construír e a consolidar desde a materia da Educación Física unha competencia motriz que é fundamental para o desenvolvemento integral do alumnado, a cal posúe un forte carácter global e interdisciplinar, posto que o movemento é un elemento esencial e indisoluble da aprendizaxe.

Os obxectivos da materia de Educación Física perseguen consolidar un estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado perpetualo ao longo da súa vida a través da planificación autónoma e da autorregulación da súa práctica física e de todos os compoñentes que afecten a saúde.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, seleccionando e incorporando intencionalmente actividades físicas e deportivas nas rutinas diarias, a partir dunha análise crítica dos modelos corporais e do rexeitamento das prácticas que carezan de base científica para facer un uso saudable e autónomo do seu tempo libre e así mellorar a calidade de vida.	3		2-5	4	2-4			
OBX2 - Adaptar, con progresiva autonomía na súa execución, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións con dificultade variable, para resolver situacións de carácter motor vinculadas con distintas actividades físicas funcionais, deportivas, expresivas e recreativas e para consolidar actitudes de superación, crecemento e resiliencia ao enfrontarse a desafíos físicos.					4-5		2-3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Compartir espazos de práctica físico-deportiva con independencia das diferenzas culturais, sociais, de xénero e de habilidade, priorizando o respecto entre os participantes e as regras sobre os resultados, adoptando unha actitude crítica ante comportamentos antideportivos ou contrarios á convivencia e desenvolvendo procesos de autorregulación emocional que canalicen o fracaso e o éxito nestas situacións, para contribuír con progresiva autonomía ao entendemento social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	5	3			1-3-5	3		
OBX4 - Practicar, analizar e valorar distintas manifestacións da cultura motriz aproveitando as posibilidades e recursos expresivos que ofrecen o corpo e o movemento, afondando nas consecuencias do deporte como fenómeno social e analizando criticamente as súas manifestacións desde a perspectiva de xénero e desde os intereses económico-políticos que o rodean, para alcanzar unha visión máis realista, contextualizada e xusta da motricidade no marco das sociedades actuais.		3				2-3		1-2-3-4
OBX5 - Adoptar un estilo de vida sostible e ecosocialmente responsable aplicando medidas de seguridade individuais e colectivas na práctica físico-deportiva segundo a contorna e desenvolvendo colaborativa e cooperativamente accións de servizo á comunidade vinculadas á actividade física e ao deporte, para contribuír activamente á conservación do medio natural e urbano.			5			4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aprendo a correr	Traballo de condición física para atopar un ritmo de carreira axeitado que permita correr 10¿ sen parar	15	10	X		
2	Obxectivo salvar vidas	Protocolo PAS	5	2	X		
3	Facemos atletismo	Iniciación nos saltos de longitud e triple, carreras de relevos e de velocidade.	15	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Exprésome co meu corpo	Traballo de expresión corporal	15	12		X	
5	Xogamos ós deportes colectivos	Traballo de iniciación ós aspectos comúns dos deportes colectivos	15	11		X	
6	Xogamos ó balonmán	Iniciación a este deporte	15	10			X
7	Xogando na Natureza	Iniciación á Orientación. Dende á aula até todo o recinto escolar	15	10			X
8	Retos Cooperativos	Traballo en grupo para conseguir o obxectivo marcado	5	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Aprendo a correr	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo.	contabilizar os tempos do compañeiro e facer os cálculos pertinentes	PE	20
CA1.1 - Establecer secuencias sinxelas de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, a partir dunha valoración do nivel inicial e respectando a propia realidade e identidade corporal.	carreira continua de 10 minutos	TI	80
CA1.2 - Comezar a incorporar con progresiva autonomía procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	facer exercicios para o queceamento		
CA1.3 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	facer exercicios para a última fase da sesión (estiramientos)		
CA1.4 - Recoñecer e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos sociais teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto e evitando activamente a súa reprodución.	tentar facer algún deporte fora do ámbito escolar		
CA1.5 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Utilización do móvil ou a pulsera de actividade para contabilizar o tempo		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	solución autónoma de conflitos		
CA2.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	facer exercicios para a última fase da sesión (estiramientos)		
CA3.1 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Utilización do móvil ou a pulsera de actividade para contabilizar o tempo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> - Taxa mínima de actividade física diaria e semanal, adaptando a intensidade da tarefa ás características persoais. - Alimentación saudable. - Educación postural: técnicas básicas de descarga postural e relaxación. - Musculatura lumbo-pélvica e a súa relación co mantemento da postura. - Coidado do corpo: queceamento xeral e específico autónomo. - Pautas para tratar a dor muscular de orixe retardada. - A hixiene como elemento imprescindible na práctica da actividade física e deportiva. - Saúde social: <ul style="list-style-type: none"> - Efectos sobre a saúde de malos hábitos vinculados a comportamentos sociais. - Comportamentos violentos e incitación ao odio no deporte. - Saúde mental: <ul style="list-style-type: none"> - Aceptación de limitacións e posibilidades de mellora ante as situacións motrices. - A actividade física como fonte de gozo, liberación de tensións, cohesión social e superación persoal. - Preparación da práctica motriz: autoconstrución de materiais como complemento e alternativa na práctica da actividade física e do deporte. - Medidas de seguridade en actividades físicas dentro e fóra do centro escolar. - Toma de decisións:

Contidos

- Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, contexto e parámetros espaciais en que se desenvolve en situacións motrices individuais.
- Capacidades condicionais: desenvolvemento das capacidades físicas básicas.

UD	Título da UD	Duración
2	Obxectivo salvar vidas	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Actuar de acordo cos protocolos de intervención ante accidentes derivados da práctica de actividade física aplicando medidas básicas de primeiros auxilios.	Coñecer o protocolo P.A.S	TI	100
CA2.5 - Coñecer e aplicar normas de seguridade individuais e colectivas na práctica de actividades motrices.	Coñecer as partes da sesión e facer exercicios de quecemento e estiramiento ó final sa sesión		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Actuacións básicas ante accidentes durante a práctica de actividades físicas.
- Conduta PAS (protexer, avisar, socorrer). Protocolo 112. Soporte vital básico (SVB).

UD	Título da UD	Duración
3	Facemos atletismo	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Coñecer as partes da sesión e facer quecementos e estiramientos ó final da mesma.	TI	100
CA2.3 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Facer algún deporte fora do ámbito escolar		
CA2.5 - Coñecer e aplicar normas de seguridade individuais e colectivas na práctica de actividades motrices.	Tentar minimizar os riscos na execución das tarefas na clase		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo.	Facer un salto de lonxitude , un triple salto, e unha carreira de relevos aplicando as técnicas vistas nas sesións		
CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Facer un campeonato de atletismo, vendo quen salta máis lonxe		
CA4.3 - Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade ou os comportamentos sexistas vinculados ás devanditas manifestacións.	Facer un campeonato de atletismo, vendo quen fai mellor unha carreira de relevos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elección da práctica física: xestión das situacións de competición con base en criterios de lóxica, respecto ao rival e motivación. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: calzado deportivo e ergonomía. - Toma de decisións: - Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, contexto e parámetros espaciais en que se desenvolve en situacións motrices individuais. - Habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas. - Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións. - Estratexias de autorregulación colectiva do esforzo e a capacidade de superación para afrontar desafíos en situacións motrices.

UD	Título da UD	Duración
4	Exprésome co meu corpo	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Solucionar os conflitos de maneira autónoma	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Participar en xogos motores, deportes e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia como con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes, evolución e influencia nas sociedades contemporáneas.	Participar nas tarefas que se fan na clase		
CA5.2 - Utilizar intencionadamente e con progresiva autonomía o corpo como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas, participando activamente na creación e representación de composicións individuais ou colectivas con e sen base musical.	Creación dunha composición grupal utilizando as variables vistas na clase		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices. - Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. - Os xogos e as danzas como manifestación da interculturalidade. - Usos comunicativos da corporalidade: expresión de sentimentos e emocións en diferentes contextos. - Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico expresivo. - Xogos, deportes, danzas e bailes autóctonos de Galicia como elemento transmisor do patrimonio cultural.

UD	Título da UD	Duración
5	Xoguemos ós deportes colectivos	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Facer quecementos e estiramientos de forma autónoma		
CA2.3 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Actuar deportivamente nas tarefas realizadas na clase	TI	100

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Xestionar a preparación e a participación en xogos motores e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia como con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes, evolución e influencia nas sociedades contemporáneas.	Participar activamente nas sesións		
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo.	Traballar activamente cos compañeiros		
CA3.3 - Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación da compañeira ou do compañeiro e da persoa opoñente (se a houbese) e á lóxica interna en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Participar activamente entendendo a lóxica interna das tarefas		
CA3.4 - Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con progresiva autonomía.	Demostrar o coñecemento dos elementos comúns ós deportes colectivos		
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades.	Participar activamente entendendo a lóxica interna das tarefas		
CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Participar activamente nas tarefas tanto como espectador/evaluador como no rol de xogador		
CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Resolución autónoma de conflitos		
CA4.3 - Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade ou os comportamentos sexistas vinculados ás devanditas manifestacións.	Coñecer os elementos comúns ós deportes colectivos (pase, desmarque, finta etc..)		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Elección da práctica física: xestión das situacións de competición con base en criterios de lóxica, respecto ao rival e motivación.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: calzado deportivo e ergonomía.
- Toma de decisións:
 - Pautas grupais para optimizar os recursos motrices do grupo para a resolución da acción/tarefa en situacións cooperativas.
 - Análise de movementos e patróns motores do adversario para actuar en consecuencia en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.
 - Adaptación dos movementos propios ás accións do contrario en situacións de oposición.
- Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas.
- Creatividade motriz: resolución de retos e situacións-problema de forma orixinal, tanto individualmente como en grupo.
- Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións.
 - Estratexias de autorregulación colectiva do esforzo e a capacidade de superación para afrontar desafíos en situacións motrices.
 - Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos.
- Habilidades sociais: condutas prosociais en situacións motrices colectivas.
- Respecto ás regras: regras de xogo como elemento de inclusión social.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.

UD	Título da UD	Duración
6	Xogamos ó balonmán	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación da compañeira ou do compañeiro e da persoa opoñente (se a houberse) e á lóxica interna en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Entender e aplicar os conceptos do deporte vistos na clase	TI	100
CA3.4 - Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con progresiva autonomía.	Resolver problemas motrices en situacións de xogo		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Interactuar con tódolos compañeiros en situacións de xogo tentando ser un "equipo"		
CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Solución autónoma de conflitos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Toma de decisións: - Análise de movementos e patróns motores do adversario para actuar en consecuencia en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. - Adaptación dos movementos propios ás accións do contrario en situacións de oposición. - Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas. - Habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas. - Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións. - Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos. - Habilidades sociais: condutas prosociais en situacións motrices colectivas. - Respecto ás regras: regras de xogo como elemento de inclusión social. - Funcións de arbitraje deportiva. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices. - Deporte e perspectiva de xénero: promoción do deporte en igualdade, figuras masculinas e femininas do deporte galego.

UD	Título da UD	Duración
7	Xogando na Natureza	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Facer quecementos e estiramientos de forma autónoma	TI	100
CA6.2 - Recoñecer e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto na contorna e evitando activamente a súa reprodución.	Concienciación de ter o espazo do Instituto o mais limpo posible		
CA6.3 - Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticos, gozando de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir e sendo conscientes da súa pegada ecolóxica.	Facer percorridos de orientación incrementando a dificultade polo recinto escolar		
CA6.4 - Practicar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.	Facer percorridos de orientación incrementando a dificultade polo recinto escolar		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Respecto ás normas viarias en desprazamentos activos cotiáns para unha mobilidade segura, saudable e sostible. - O uso da bicicleta como medio de transporte habitual. - Análise do risco nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano: medidas de seguridade en actividades das distintas contornas con posibles consecuencias graves nestas. - Consumo responsable no ámbito da actividade físico-deportiva. - Practica de actividades físico-deportivas nas distintas contornas, coidando destas, como servizo á comunidade.

UD	Título da UD	Duración
8	Retos Cooperativos	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo.	Resolver retos cooperativos	TI	100
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades.	Resolver retos cooperativos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Resolver retos cooperativos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Toma de decisións: - Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, contexto e parámetros espaciais en que se desenvolve en situacións motrices individuais. - Pautas grupais para optimizar os recursos motrices do grupo para a resolución da acción/tarefa en situacións cooperativas. - Creatividade motriz: resolución de retos e situacións-problema de forma orixinal, tanto individualmente como en grupo. - Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións. - Estratexias de autorregulación colectiva do esforzo e a capacidade de superación para afrontar desafíos en situacións motrices. - Habilidades sociais: condutas prosociais en situacións motrices colectivas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS.

Seguiremos o modelo de aprendizaxe constructivo-significativo onde o alumno/a sexa activo e que o aprendido teña significado, para o cal é necesario:

Partir dunha situación inicial detectando as capacidades e os coñecementos previos do alumnado e coñecer o seu desenvolvemento psicoevolutivo.

Relacionar os contidos e as actividades de aprendizaxe para conseguir que no proceso acaden un grao satisfactorio de desenvolvemento das competencias.

Garantir a funcionalidade das novas aprendizaxes baseándoas nas anteriores de forma que se constrúan pouco a pouco un coñecemento amplo dos contidos.

Motivar ao alumnado e aumentar a súa autoestima.

Favorecer a actividade do alumnado

Por iso utilizaremos unha metodoloxía baseada nos seguintes principios metodolóxicos:

1.- Flexibilidade: axustándose ao alumnado. As propostas de exercicios que teñen que realizar están pensadas para todos, sen facer separacións en orde a capacidades, sexo, nin fixando marcas que non poidan estar ao alcance de todos. Pénsase en propostas que admitan calquera tipo de resposta.

2.- Actividade: intentamos que o alumnado sexa protagonista da súa propia actividade, responsabilizándose das súas propias tarefas e desenvolvendo unha actividade en función da súa capacidade. A utilización desta metodoloxía require dunha boa organización e sistematización do traballo para evitar tempos de espera. Baséase principalmente en actividades como circuitos, programas de adestramentos, asignación de tarefas, etc, pero mantendo sempre o criterio de potenciar a creatividade do alumnado, segundo os contidos o permitan e a maduración persoal.

3.- Participativo: potenciando a cooperación e o compañeirismo por medio dunha organización de grupos e equipos heteroxéneos e equilibrados facilitando a integración.

4.- Integrador: partindo de que a E.F. debe estar en función das capacidades e posibilidades individuais e non en resultados alleos. Entendendo que non existe unha resposta motriz única senón unha mellora ou progresión do punto

de partida motriz, hai que evitar facer diferenzas en función do sexo ou doutros condicionantes como o nivel individual ou a capacidade.

5.- Inductivo: intentando que o alumnado en cada momento saiba que parte do corpo está movendo ou desenvolvendo.

6.- Lúdico: Fundamentamos as actividades nos principios do xogo.

7.- Progresivo: A progresión nas actividades irá en consonancia coas dificultades de asimilación e comprensión que atopen os alumnados

A metodoloxía potenciará os hábitos de esforzo e responsabilidade no traballo e estudio e favorecerase a interacción alumno-profesor e alumno-alumno. Potenciarase o pensamento reflexivo e crítico, a elaboración de xuízos persoais e a creatividade.

A metodoloxía didáctica será activa e participativa e desenvolverá a capacidade dos alumnos para aprender por si mesmos (aprender a aprender). Utilizarase o traballo en equipo e favorecerase a adquisición dos principios básicos do método científico. Os contidos presentaranse cunha estruturación clara e plantexar a interrelación entre distintos contidos dunha e de distintas materias.

Realizaránse actividades complementarias e extraescolares que favorezan o desenvolvemento dos contidos, que impulsen a utilización de espazos educativos diversos no centro e no contorno.

TÉCNICAS, MÉTODOS E ESTRATEXIAS.

Como técnicas empregaremos dúas fundamentais:

A reprodución de modelos naquelas actividades nas que a aprendizaxe precise dun rendemento mecánico como factor vital para que o obxectivo proposto se poida alcanzar de forma eficaz.

As técnicas de busca nas actividades que nos interese que os alumnos desenvolvan os procesos dedutivos e de enriquecemento. Non existen solucións mellores, senón percepción de formas de actuación.

En canto aos métodos, partimos de que non existe ningún que sexa perfecto e aplicable a todas as situacións e, polo tanto, empregaremos o máis axeitado a cada situación, dende os máis reprodutivos como o Mando Directo, ata os máis produtivos e creativos como Descubrimento Guiado e Resolución de Problemas.

Na Estratexia na Práctica empregaremos tarefas globais e analíticas, dependendo da natureza do traballo a realizar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais e recursos didácticos

Constitúen as ferramentas que utilizan os profesores e os alumnos no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe. En E.F. ocupan un papel importante dado o carácter procedimental da materia.

Como criterios de elección e utilización teremos en conta que deben posuír un carácter multifuncional, non ser perigosos sen que por iso deban ser sofisticados, facilmente trasladables sen que supoñan riscos, e o máis versátiles posible.

Materiais impresos: apuntes elaborados polo profesor, libros, fichas, prensa escrita, revistas especializadas, folletos, etc.

Materiais audiovisuais: equipos de reprodución sonora, canon de proxección.

Recursos materiais: Todo o material propio da práctica de educación física, (móbiles, aros, cordas, etc.), os implementos propios dos deportes (colchonetas, quitamedos, redes, canastras, etc.) e outro que poida ser creado ou aproveitado para a súa utilización nas sesións (de desfeito, de construción propia).

Materiais informáticos: O ordenador considerado como medio didáctico abarca as experiencias que supoñen aprender a través do ordenador e có ordenador. Equipos informáticos. Canón de proxección, Escáner, Software específico e páxinas Web2s

O contorno como recurso: contorno natural, outras instalacións.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Debido ás características especiais da nosa materia, non pode ser deseñada unha avaliación inicial para toda a materia, xa que os contidos teñen moi diferente consideración.

Por ese motivo haberá unha avaliación inicial por unidade didáctica que será deseñada para medir o nivel de execución e dominio dos contidos a traballar, e poderán ser : circuitos de técnica, test o probas físicas, xogos adaptados.

Os resultados da avaliación inicial darán información ao profesor do nivel inicial do grupo e individual de cada alumno e permitirán adoptar medidas xerais ou individuais de adaptación como son:

ADAPTACIÓN XERAIS:

Se o desfase non é demasiado grande como para unha modificación da programación, pódense deseñar criterios de avaliación máis axustados ao nivel ou realizar adaptacións facilitadoras o dificultadoras das aprendizaxes.

Aumentar ou diminuír a exigencia no grao de cumprimento dos contidos adaptándoos ao nivel xeral do grupo

ADAPTACIÓN INDIVIDUAIS:

Ante lesións ou enfermidades que impidan a realización de parte dos contidos (a parte procedimental), realizarase unha adaptación non significativa do curriculum ao alumno en concreto (para todo o curso ou durante o tempo da lesión). Esta será concreta e adaptada a cada caso en particular e reflectida debidamente no departamento.

Ante alumnado que presente desfase no nivel acadado na proba inicial, recibirá por parte do profesor reforzo ou ampliación mediante actividades deseñadas para eles, nos que os alumnos implicados poidan, dependendo do caso, conseguir acadar o grao mínimo de aprendizaxe ou mellorar igualmente o seu nivel.

En todos os casos, estas adaptacións terán que ser recollidas polo departamento para poder tomar medidas correctoras da programación e modificala adecuadamente no futuro.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	5	15	15	15	15	15	5	100
Proba escrita	20	0	0	0	0	0	0	0	3
Táboa de indicadores	80	100	100	100	100	100	100	100	97

Criterios de cualificación:

Para a cualificación de cada Unidade Didáctica teremos en conta, para cada Criterio de Avaliación, os mínimos de consecución establecidos e o seu peso orientativo (establecido en cada UD).

Tendo en conta estes elementos, para a superación de cada unidade didáctica o alumnado deberá acadar os mínimos de consecución establecidos, nun peso orientativo global igual ou superior ao 45%. No caso de detectarse dificultades nalgún alumno ou alumna, adoptaránse as medidas de reforzo educativo necesarias.

A cualificación de cada trimestre, obterase calculando a media ponderada das cualificacións obtidas en cada UD impartida no trimestre. No caso de recuperar algunha UD antes de ter lugar a sesión de avaliación trimestral, terase en conta a nova cualificación para o cálculo da nota desta. No caso de que o alumnado recuperara algunha UD pasada a avaliación trimestral, a cualificación da UD terase en conta para recalcular a nota final previa a avaliación final.

Reservarase un 30% da nota para os contidos de carácter actitudinal

O valor numérico da nota irá dende o 1 ao 10, redondeando á unidade máis próxima, (ata 0.74 cara abaixo e dende 0.75 cara arriba), e para considerar superada a U.D., o trimestre e o curso o alumnado debe acadar unha puntuación de 4,5 ou superior.

Para a obtención da nota empregaranse distintos procedementos, tanto probas escritas, como observación directa por parte da persoa docente. As probas escritas poderán ser exames tipo test, de resposta curta ou de desenvolvemento. Tamén poderán solicitarse a realización de traballos escritos.

Ao ser unha materia eminentemente práctica, o procedemento de avaliación máis empregado será a observación directa a través de diversos instrumentos, principalmente rúbricas, listas de cotexo e escalas de valoración, en función dos contidos a desenvolver.

Atención especial require o alumnado que por diferentes motivos (lesiões, malestares diversos, etc) non pode seguir o ritmo das sesións ou facer a clase por un período de tempo indeterminado. Ao ser a nosa materia práctica, intentarase que na medida do posible se incorpore ás sesións facendo as adaptacións oportunas. De non ser posible, determinarase o rol que deberá desempeñar, en función do tipo de sesión que se estea a desenvolver: árbitro, apoio aos compañeiros, alumno avantaxado, axudante da persoa docente, etc.

Para a avaliación deste alumnado empregaranse rúbricas específicas segundo o papel desempeñado que poderá complementarse con traballos escritos.

En canto aos instrumentos de avaliación das unidades didácticas, aclarar que o tipo de instrumento establecido é sempre a táboa de indicadores, xa que a nosa materia é eminentemente práctica, e ademais é unha limitación da aplicación. Non obstante, consideramos que dentro desta tipoloxía entran tamén as probas escritas.

O alumno que non consiga superar a materia nas convocatorias ordinaria ou parciais, terá outra oportunidade na final.

O Departamento establecerá unha serie de probas para que o alumnado poda adquirir o grao mínimo de consecución dos criterios de avaliación non adquiridos na convocatoria anterior.

Dacordo ca nova Lei, haberá tres avaliacións parciais ó longo do curso.

En cada unha de elas estableceremos unha cualificación que tentará valorar os aprendizaxes das unidades didácticas establecidas na temporalización.

PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A nota da avaliación final, será unha media aritmética simple das tres avaliacións parciais,

Se tiveran algunha avaliación suspensa, terán que facer a recuperación pertinente antes da avaliación final.

Criterios de recuperación:

A cualificación pode ser negativa en algunha das avaliacións, polo que o departamento establece unha serie de mecanismos de recuperación e reforzo que permitan poder acadar os obxectivos de aprendizaxe antes do remate do curso.

Aqueles alumnos que non superen algunha avaliación positivamente terán a oportunidade de recuperar mediante a realización de novas probas durante o seguinte trimestre. Estas probas irán determinadas polos criterios de avaliación non superados.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Neste curso non hai alumnos ca materia pendente, xa que si repiten curso, repiten con tódalas materias.

6. Medidas de atención á diversidade

A educación secundaria obrigatoria organízase de acordo cos principios de educación común e de atención a diversidade, as medidas de atención a diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas. A intención do Departamento é tratar de garantir a atención á diversidade mediante o ensino individualizado. As adaptacións curriculares están presentes de forma explícita e implícita na programación xa que se desexa e pídese a cada alumno que traballe sempre segundo o seu nivel e as súas capacidades.

A educación física, é unha materia na que as diferenzas son moito máis acusadas que noutras xa que o desenvolvemento motriz presente é moito máis irregular que outros. Temos dúas grandes áreas dentro da materia nas que aparecen diferenzas significativas entre o alumnado:

Grao de desenvolvemento motor: aparecen notables diferenzas de desenvolvemento evolutivo entre os alumnos e alumnas que afectan en gran medida ao grao de desenvolvemento motriz, tanto entre mozos e mozas como entre persoas do mesmo sexo. Hai que diferenciar entre a idade biolóxica e o desenvolvemento fisiolóxico e psíquico.

Características individuais: existen factores xenéticos que dotan de xeito desigual a uns e outros alumnos. En definitiva, existen constituicións físicas e características motrices innatas de difícil superación que limitan aos alumnos, polos que debemos evitar a sensación de fracaso ou de que este aumente. Por conseguinte, tenderemos cara á individualización do ensino, favorecendo o reforzo nas aprendizaxes naqueles casos con dificultades e evitaremos, deste xeito, o estancamento dos alumnos menos favorecidos.

Para adaptar o currículo a todos os alumnos tendo en conta as súas diferenzas teremos en conta unhas medidas ordinarias como poden ser as seguintes actividades de reforzo ou de ampliación.

- 1.- Utilizar metodoloxía e estratexias máis individualizadas. O método de ensino mediante a procura permitirá ao alumno unha maior toma de conciencia e intervención, á vez que será máis motivador.
 - 2.- Non establecer criterios normativos pechados de avaliación, que encasillen ao alumno en niveis ou parámetros fixos. Dicar a este respecto que na nosa materia temos que contemplar tamén a figura do alumnado con altas capacidades no ámbito motriz.
 - 3.- Os alumno traballan en función do nivel de partida. Para iso utilízanse como base os resultados dos diferentes tests iniciais realizados.
 - 4.- Téndese a realizar actividades de quecemento individualizado segundo vaian avanzado os niveis, elaboradas polo propio alumno en función das actividades, e supervisadas polo profesor.
 - 5.- Ofrécense actividades distintas para o desenvolvemento da resistencia aeróbica.
 - 6.- O ensino recíproco deixa traballar a cada parella a un ritmo diferente. O profesormarca o cambio duns exercicios a outros.
 - 7.- Adáptase o ritmo de ensino e aprendizaxe ao nivel específico de cada grupo, seleccionando os exercicios ou prescindindo dos máis complicados.
 - 8.- Dedícase un tempo á práctica de situacións reais de xogo, dependendo do nivel e das necesidades de cada grupo de alumnos.
 - 9.- O alumnado pode adaptar individualmente a intensidade da actividade ao seu nivel de partida. O profesor tende a prestar maior axuda a aqueles que máis o precisen sobre todo aos de integración.
 - 10.- Atenderemos tamén aos alumnos que presentan altas capacidades intelectuais no plano cognitivo atendendo as súas inxedanzas a través da metodoloxía da busca en relación cos contidos que esteamos traballando.
- E ante grandes desfases ou problemas físicos (lesións ou enfermidades) medidas extraordinarias que son o Reforzo educativo e as Adaptacións Curriculares Significativas que pasamos a explicar.

REFORZO EDUCATIVO

Ten que ser aplicado cando as medidas ordinarias non son efectivas, ou algún alumno non acada os estándares de aprendizaxe no período indicado e son accións ou conxunto de accións que se realizan para que un alumno/a con dificultades de aprendizaxe acade o maior desenvolvemento posible das súas capacidades, poden concretarse en: tarefas facilitadas por material, medios ou espazo, dividir as tarefas en secuencias máis pequenas para facilitalas, adecuación de tempo ou formato nas probas escritas, realizar tarefas fora do horario lectivo deixando material para realízalas.

ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS

Aplicaranse a aqueles alumnos que polas súas características físicas ou psíquicas teñen necesidades educativas especiais diagnosticadas e implementadas no seu expediente. Neste caso o departamento realizará una adaptación

do currículo dependendo do caso concreto para conseguir que o alumno acada o grao mínimo de estándares de aprendizaxe do nivel e etapa determinado. Esta adaptación será enviada as autoridades educativas para a súa aprobación.

ALUMNADO CON DISCAPACIDADE FÍSICA TRANSITORIA OU PERMANENTE.

Todos os alumnado que están exentos de forma parcial actuarán do mesmo xeito que os que, por calquera circunstancia, non poidan realizar a práctica que corresponda nun momento determinado, teñen que acudir a clase, tomar nota dos contidos teóricos que se expoñan, facer unha ficha diaria das actividades que se realizan e que, posteriormente, teñen que entregar ao profesor. Han de colaborar coa clase nos momentos que precisen axudas para a utilización do material, anotacións, encargarse da música..., sempre que sexa necesario.

Este alumnado serán cualificados mediante a entrega e valoración correspondente de todos os traballos que se lles encargue, así como a través das fichas diarias de clase que deberán realizar durante o curso. Tamén deberán realizar os controis teóricos.

Todos aqueles alumnos/as con lesións nas que a prescrición sexa a de realizar exercicios de rehabilitación terán que facelos durante as sesións prácticas, sendo avaliábel como adaptación do currículo da unidade didáctica.

Os exentos totais da parte práctica deben entregar Certificación Médica Oficial, acreditando a lesión ou enfermidade e o tempo de permanencia en devandita situación e terán unha adaptación curricular significativa.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as TICs, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Fomentarase nas sesións o espírito emprendedor do alumnado mediante o deseño de tarefas de resolución de problemas, organización de actividades de forma autónoma e creativa queden ao alumno competencias de aprender por sé mesmo.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Na nosa sociedade o xogo e o deporte son un caldo de cultivo de orixe de conflitos, polo que nas sesións de E.F. o profesorado terá especial coidado en previr a violencia e favorecer a resolución pacífica de conflitos que poidan xurdir entre os alumnos e transmitir a importancia dos valores de liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos valores humanos.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - En todas as accións educativas levadas a cabo nas sesións o profesorado terá especial atención en amosar actitudes que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres (tarefas conxuntas, axustes de nivel, plantexar actividades de convivencia entre sexos), e a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade intelectual	X	X	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividade de escalada	Actividade que consiste en desplazarse ó rocódromo de Riazor (Coruña) para facer subidas polas diferentes vías			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE:
TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.
Metodoloxía empregada
DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:
Clima de traballo na aula
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE:

Descrición:

A programación terá que ser revisada e retocada de forma constante segundo vaia evolucionando o curso, esta revisión estará baseada en varios aspectos, a propia experiencia do profesorado respecto ao nivel dos grupos e a evolución dos contidos, a opinión do alumnado recollida a través das enquisas de observación e polos resultados académicos obtidos ao remate das avaliacións.

En canto a experiencia dos docentes, temos reunións periódicas nas que o profesorado indicará o grao de cumprimento da programación, as dificultades dos grupos ou de determinados alumnos nos aprendizaxes e as adaptacións que tiveran que facer con respecto á avaliación inicial. Estes aspectos serán recollidos nas actas do

departamento e utilizados para modificar no futuro a programación nos aspectos desexables.

Durante o curso recolleranse enquisas realizadas ao alumnado así como as impresións das titorías das familias e se estudará a necesidade de modificar aspectos da programación que puideran mellorar.

Os resultados académicos serán estudados por avaliacións sendo indicadores dos progresos do alumnado na nosa materia. Cando estes resultados sexan insatisfactorios en porcentaxes elevados obrigará a toma de decisión de cambios na programación, ben nos contidos ou ben nas estratexias.

Ao remate do curso, a través dunha estatística, establecerase o grao de aproveitamento do alumnado durante os cursos e indicaremos as pautas que permitan mellorar a programación.

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para ir axustando a programación. Esta avaliación permite ir detectando necesidades e buscando o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.

Propóñense uns aspectos da programación e do procedemento de ensino-aprendizaxe, e uns indicadores, que a persoa docente pode avaliar, escollendo os instrumentos que considere máis axeitados (cuestionarios, listaxes de control ou rexistro de datos, entrevistas, observador externo ou ben comparar a experiencia con outros compañeiros e compañeiras docentes). Nesta proposta poden surpimirse puntos e engadirse outros que a persoa docente considere.

RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Análise dos resultados obtidos na avaliación final.

TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.

Mediante unha listaxe de control reflectirase si a temporalización foi axustada e houbo tempo de levar a cabo, tanto as UD como a programación xeral.

DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliación de recursos, materiais, actividades, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.

MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE:

Avaliarase a través dunha enquisa ao alumnado, a través da reflexión persoal da persoa docente baseada no rexistro diario de clase e cun feed-back obtido das entrevistas ou titorías coas familias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para ir avaliando procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así ir facendo as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerán un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

O seguimento da programación realizarase a través da sección de "Seguimento" da Aplicación PROENS. Nesta sección indicarase a data de inicio e fin da UD, o número de sesións previstas, o número de sesións realizadas, o grao de cumprimento da programación (baixo-medio-alto), as propostas de mellora e calquera observación que se considere oportuna..

Propóñese facer o seguimento e a avaliación da programación nos seguintes prazos:

- Ao remate de cada unidade didáctica: avaliarase a eficacia das actividades plantexadas, a consecución de obxectivos por parte do alumnado, as dificultades atopadas, as necesidades de medidas de reforzo, os materiais e recursos empregados, outros instrumentos, etc.

- Unha vez ao mes, na reunión do departamento, realizarase o seguimento da programación didáctica e estableceranse as medidas correctoras que, de ser o caso, se estimen necesarias.

- Ao finalizar o trimestre, onde analizaranse as unidades didácticas levadas a cabo, factores favorables e dificultades atopadas na temporalización das mesmas e resultados acadados polo alumnado. No caso de que quedara sen impartir algunha UD, o seu peso repartirase equitativamente entre o resto de UU.DD. impartidas no trimestre.

- Ao finalizar o curso escolar.

As propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e unha vez discutido no seno

do departamento (reorientarán as estratexias para desenvolver contidos, reforzarán aspectos varios, variarán procedementos, etc....) sempre buscando a optimización do proceso e o aproveitamento dos recursos. Estas propostas deberán quedar reflectidas na memoria final do departamento.

9. Outros apartados